

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º BACHARELATO

2023-24

A continuación, indícase como se realizará a cualificación de cada trimestre:

1ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro *Retrincos*, de Castelao: 10%
- traballo de investigación que inclúe un esquema previo: 10%
- exame: 80%

2ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro *A esmorga*, de Blanco Amor: 10%
- proba oral dun traballo sobre a literatura durante o franquismo: 10%
- exame: 80%

3ª avaliación:

- traballo da lectura do libro *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras: 10%
- exame: 90%

Os erros de ortografía, as desviacións da norma e as interferencias lingüísticas serán penalizadas do xeito seguinte, ata unha perda de 2 puntos en cada un dos exames de avaliación:

- Perda de 0'05 puntos por cada uso incorrecto dos tiles e emprego de dialectalismos.
- Perda de 0'1 puntos por erros de ortografía e incorrecto uso do til diacrítico.
- Perda de 0'2 puntos por empregar unha forma allea ao sistema lingüístico galego (castelanismos, hipergaleguismos, palabras inexistentes...).

Tamén se terá en conta a presentación axeitada dos textos no exame: a incorrecta disposición das liñas, as marxes erradas ou os borranchos poderán supor até unha perda de 0'5 puntos.

En cada exame figurará a valoración que se outorga a cada pregunta. O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas terá a posibilidade de facelo noutra data, sempre que a ausencia estea debidamente xustificada. Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, outorgaríasele unha cualificación de cero na pregunta copiada.

A nota final calcularase mediante a **media aritmética** das tres avaliacións sen redondeo. Ademais existirá a posibilidade de aumentar esta nota media até 0'5 puntos pola lectura voluntaria dunha obra literaria que determinará previamente o profesor da materia, para o que se realizará un exame escrito.

RECUPERACIÓNS

Se a media aritmética das tres avaliacións non supera o 4'5, o alumnado terá a posibilidade de recuperar cada unha das probas das avaliacións suspensas antes do remate do curso, tanto as orais coma as escritas, coa mesma ponderación para a avaliación suspensa cás realizadas no seu momento. A cualificación destas recuperacións será a empregada para o cálculo da nota media sempre que sexa superior á nota inicial.